

*Orde do 19 de setembro de 2003 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro privado Fesán de Santiago de Compostela (A Coruña), para impartilo ciclo formativo de grao superior de animación sociocultural.*

Examinado o expediente presentado por Enmanuel López Ares, solicitando autorización para a apertura e funcionamento do centro privado Fesán de Santiago de Compostela (A Coruña), para impartilo ciclo formativo de grao superior de animación sociocultural.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación; o Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño (BOE do 26 de xuño), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitarias; o Real decreto 777/1998 (BOE do 8 de maio), polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo; a Orde do 21 de decembro de 1999 (DOG do 31 de xaneiro de 2000), pola que se regulan determinados aspectos relativos á autorización de centros privados exclusivos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 296/1999 (DOG do 18 de novembro), polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro), que desenvolve o antedito decreto.

Considerando que concorren no expediente os requisitos esixidos nas disposicións vixentes para poder acceder ó solicitado.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

#### **DISPÓN:**

Primeiro.-Autoriza-la apertura e funcionamento do centro privado Fesán de Santiago de Compostela (A Coruña) para impartilo ciclo formativo de grao superior de animación sociocultural, segundo se especifica no anexo desta orde.

Segundo.-Para as ensinanzas que se autorizan, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Terceiro.-Queda o centro obrigado ó cumprimento da lexislación vixente e a solicita-la oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### **ANEXO**

Provincia: A Coruña.

Concello: Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

Enderezo: rúa Severino Riveiro Tomé, 9-baixo.

Código do centro: 15032364.

Denominación: centro privado Fesán.

Titular: *Fundación de Estudos e Análises* (Fesán).

Ensinanzas que se autorizan:

Familia profesional: *servicios socioculturais e á comunidade*.

1 ciclo formativo de grao superior de animación sociocultural (1 unidade para 20 alumnos).

#### **CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

*Decreto 354/2003, do 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de *servicios sociais* e se establecen os seus requisitos.*

No exercicio da competencia exclusiva en materia de asistencia social, artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de *servicios sociais*, que ordena e regula os aspectos básicos dun sistema integrado de *servicios sociais* definido como *servicio público* da Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 5 da lei fíxase a estrutura do sistema dividido en dous niveis de atención, a primaria e a especializada, e as áreas de actuación, entre elas, a área de familia, infancia e da mocidade. O referido

artigo indica que aqueles establecementos ou instalacións nos que se desenvolvan con regularidade programas e actividades no ámbito dos servizos sociais, debidamente tipificados e acreditados, considéranse equipamentos do sistema de servizos sociais. Estes equipamentos están suxeitos ó cumprimento dos requisitos xerais e específicos que regulamentariamente se determinen e sometidos ó réxime de autorizacións administrativas para a súa creación ou construción, modificación substancial, inicio e cesamento de actividades e que deberán solicita-las entidades prestadoras de servizos sociais titulares destes.

En desenvolvemento da lei o Consello da Xunta aprobou o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, que regula o réxime de autorización e acreditación dos centros de servizos sociais. O artigo 7 do referido decreto determina os requisitos xerais que deberán cumprir tódolos centros de servizos sociais calquera que sexa a súa tipoloxía, tanto materiais como funcionais.

De entre as áreas de servizos sociais enumeradas na Lei de servizos sociais, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado en virtude do Decreto 280/2003, do 17 de xuño, que modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, de modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 195/2003, do 20 de marzo, que establece a súa estrutura orgánica, asume as competencias na área de familia, infancia e mocidade. Entre os equipamentos de servizos sociais de atención especializada que lle serven de soporte para programas e tratamentos orientados cara á normalización, personalización da integración socio-familiar dos seus beneficiarios figuran, entre outros, as garderías infantís, residencias de menores, casas de familia, vivendas tuteladas e ludotecas.

Tendo en conta a demanda social e co fin de garantir a calidade na prestación dos servizos sociais e os dereitos dos usuarios, cómpre desenvolver as previsións da lei regulando na área de familia, infancia e adolescencia as ludotecas. É así que esta disposición, fronte a outros establecementos de carácter recreativo dirixidos a nenos/as, defínea dentro da área social e delimita o seu ámbito. Así mesmo, enumera os requisitos que a determinan e remite á normativa vixente sobre os requisitos xerais e o réxime de autorización, inspección e réxime sancionador referido a tódolos centros de servizos sociais.

Polo antedito, en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da

Xunta, na súa reunión do día dezaseis de setembro de dous mil tres,

## DISPOÑO:

### Capítulo I Disposicións xerais

#### Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto a regulación dos centros sociais de atención especializada na área de familia, infancia e mocidade definidos no artigo seguinte como ludotecas, así como determina-los seus requisitos.

#### Artigo 2º.-Definición e ámbito de aplicación.

1. Para os efectos deste decreto enténdense por ludotecas aqueles establecementos diurnos de actividade regular, dirixidos á poboación infantil en idades comprendidas entre os dous e os doce anos e ás súas familias, que teñen por obxecto potencia-lo xurdimento dunha actividade lúdica favorecedora do desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial do neno, así como posibilita-lo acceso ó mundo da actividade lúdica de aqueles sectores cun entorno socio-cultural menos favorecido.

As ludotecas poderán desenvolver, así mesmo, as súas actividades en combinación con outros servizos exteriores de animación infantil, como bibliotecas, servizos de actividades culturais, recreativas ou deportivas.

2. O ámbito de aplicación deste decreto esténdense ás ludotecas como centros de servizos sociais, tanto de titularidade pública como privada, da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Exclúense do seu ámbito de aplicación aqueles establecementos creados, especificamente ou no contexto doutra actividade principal, para o tempo de lecer coa única finalidade de proporcionar un lugar de espallamento para os nenos e nenas.

#### Artigo 3º.-Competencia.

Correspóndelle á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado a autorización e inspección destes centros de servizos sociais e a tramitación dos procedementos sancionadores polas infraccións cometidas ó abeiro do disposto no título VI da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais e no Decreto 175/1995, do 16 de xuño, de desenvolvemento, sen prexuízo das autorizacións que con arreglo á normativa vixente sexan precisas.

## Capítulo II

### Requisitos das ludotecas como centros de servizos sociais

Artigo 4º.-Requisitos xerais como centros de servizos sociais.

As ludotecas como centros de servizos sociais están suxeitas ó cumprimento dos requisitos xerais, materiais e funcionais, esixidos para tódolos centros sociais e relacionados no artigo 7 do Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais.

### Artigo 5º.-Requisitos materiais das ludotecas.

As ludotecas deberán cumprir, ademais dos requisitos xerais dos centros de servizos sociais, os seguintes requisitos materiais:

a) Emprazarse preferentemente en núcleos urbanos e próximos a centros culturais, sociais, instalacións deportivas ou centros escolares.

b) Situar-se preferentemente na planta baixa e ter saída directa de uso exclusivo a unha vía pública ou a un espazo aberto, debendo estar sinalada a prohibición de aparcamento de vehículos diante da porta.

No suposto de que o local se insira nun centro cultural, social, deportivo ou escolar, este deberá ocupar a planta baixa ou, como máximo, a primeira altura, e contar ademais con entrada independente.

c) As ludotecas destinadas a nenos de dous a doce anos constarán de, alomenos, dúas salas: unha para exposición e préstamo de xoguetes e libros, de se-lo caso, e outra para a realización de actividades de xogo organizado, obradoiros multidisciplinares, uso de xogos mecánicos, construcións, pequenas representacións.

As salas contarán cunha superficie mínima de 50 m<sup>2</sup> e, en todo caso, respectarase a proporción de dous metros e medio cadrados por cada usuario.

d) As ludotecas destinadas exclusivamente a nenos de dous a seis anos, poderán contar cunha soa sala distribuída en rincóns de xogo. Neste caso, a superficie mínima da sala será de 80 m<sup>2</sup>.

e) No suposto de que estes centros atendan nenos de dous a tres anos, este deberá dispoñer dun espazo diferenciado para os nenos destas idades, podendo utilizar para esta finalidade as salas anteriormente mencionadas se se usan en tempos diferenciados e exclusivamente con estes nenos.

f) O deseño de portas e ventás responderá a criterios de funcionalidade e seguridade. A porta da entrada terá como mínimo un largo de 1,20 metros e abrirá no senso da saída. No caso de que o centro teña capacidade para máis de vinte prazas haberá unha porta adicional por cada grupo de vinte prazas.

g) Dispor de servizos hixiénicos axeitados ás idades dos usuarios en número proporcional á capacidade do centro, debendo contar como mínimo cun aseo con dous inodoros e dúas piletas, de tamaño axeitado ás idades dos usuarios, por cada vinte prazas. Os aseos destinados ós nenos de dous a tres anos serán visibles e accesibles dende a propia sala. Así mesmo, disporá dun aseo para adultos.

h) Estar dotados de iluminación e ventilación naturais.

i) No suposto de que a ludoteca conte con espazo ó aire libre, este deberá estar delimitado e valado en todo o seu perímetro e acondicionado con materiais axeitados ás idades dos usuarios.

j) O equipamento, xogos e xoguetes deberán, en todo caso, cumprir a lexislación europea sobre seguridade nas áreas de xogo infantil e nos xoguetes contidos nas normas UNE.

### Artigo 6º.-Requisitos funcionais das ludotecas.

As ludotecas como centros de servizos sociais deberán cumprir, ademais dos requisitos xerais dos centros de servizos sociais, os seguintes requisitos funcionais:

a) Ademais de ter subscrita póliza de seguros de responsabilidade civil, que garanta a cobertura das indemnizacións ós usuarios e sinistros do edificio, deberán formalizar un seguro que cubra as actividades externas do centro, de se-lo caso.

b) Tódalas ludotecas deberán contar cun proxecto organizativo de centro no que se fagan consta-los seguintes extremos: horario e calendario, usuarios e destinatarios, persoal adscrito e as súas funcións, formulación dos obxectivos, actividades do centro con indicación dos sectores de idade ós que están dirixidos e, de se-lo caso, participación dos pais, axentes sociais e/ou outras persoas da comunidade.

c) O tempo máximo de permanencia dos nenos de dous a tres anos neste tipo de centros será de tres horas ó día.

### Artigo 7º.-Requisitos de persoal das ludotecas.

1. As ludotecas deberán contar con persoal especializado respectando a proporción máxima de nenos que poden ser atendidos por un traballador como a continuación se relaciona:

a) Nenos menores de tres anos: 1/15.

b) Nenos de tres a seis anos: 1/25.

c) Nenos maiores de seis anos: 1/30.

2. As ludotecas deberán contar co seguinte persoal cualificado:

a) Un coordinador que deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

-Titulación superior en: pedagogía, psicoloxía ou psicopedagogía.

-Titulación media en: maxisterio ou educación social.

-Ciclos formativos de grao superior en animación sociocultural ou educación infantil.

-Ciclos formativos de grao medio en actividades físicas e deportivas.

Así mesmo, estes profesionais deberán contar con algún dos títulos acreditativos das ensinanzas que imparten as escolas de tempo libre, agás aqueles profesionais que estean en posesión da titulación específica de animación sociocultural.

b) Un ou varios monitores que deberán posuí-lo título de bacharelato ou de formación profesional de grao medio, con cursos de animación sociocultural.

3. No caso de que o centro atenda a nenos de dous anos, o persoal que os atenda deberá estar en posesión dalgunha das titulacións específicas en educación infantil.

4. Todo o persoal dispoñible deberá acreditar-lo seu correcto estado de saúde e cunha periodicidade anual, someterse a un recoñecemento médico axeitado para acreditar que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións. Así mesmo, deberá contar co carné de manipulador de alimentos segundo o establecido na normativa vixente na materia.

### Capítulo III

#### Das autorizacións, inspeccións e réxime sancionador

##### Artigo 8º.-Autorización das ludotecas.

As ludotecas como centros de servizos sociais estarán suxeitas ó réxime de autorizacións previsto no artigo 30 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais e o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos centros de servizos sociais.

##### Artigo 9º.-A inspección e o réxime sancionador.

As ludotecas como centros de servizos sociais estarán suxeitas á inspección e ó réxime sancionador en materia de servizos sociais de conformidade co establecido no título VI da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, e no Decreto 175/1995, do 16 de xuño, polo que se desenvolve a dita lei.

#### *Disposición adicional*

Única.-Correspóndelle ós concellos outorga-las autorizacións de construción, reforma e apertura daqueles centros ou establecementos dedicados a actividades de recreo dirixidas a nenos/as excluídos deste decreto, acadando os informes que precisen ou comunicando a súa resolución segundo proceda, en aplicación do Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía e espectáculos públicos e actividades recreativas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Decreto do 17 de xuño de 1955, sobre o regulamento dos servizos de corporacións locais e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

#### *Disposición transitoria*

Única.-As entidades prestadoras de servizos sociais titulares de centros en funcionamento á entrada en vigor deste decreto que poidan ser definidos como ludotecas ó abeiro desta norma deberán solicitar-las autorizacións correspondentes no prazo máximo dun ano. O incumprimento da presentación da solicitude determinará a imposición das sancións correspondentes previo expediente contradictorio ó abeiro do título VI da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.

Sempre que non se observen deficiencias graves que poñan en perigo a seguridade dos usuarios, poderán outorgarse provisionalmente a autorización condicionada a efectua-las adaptacións necesarias para o cumprimento das normas vixentes. O prazo para emenda-los requisitos materiais e funcionais non poderá ser superior a seis meses. Así mesmo, o persoal destes centros en funcionamento á entrada en vigor deste decreto que non reúnan os requisitos esixidos, disporán dun prazo de dous anos para acadar-la titulación requirida. Unha vez emendadas as deficiencias nos prazos indicados procederá o outorgamento definitivo da autorización, caso contrario decaerá a autorización provisional concedida.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para dictar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Esta norma entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela o dezaseis de setembro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

*Orde do 17 de setembro de 2003 pola que se fixan os prezos de inscrición para o congreso internacional Forovol do voluntariado social ó voluntariado ambiental, que levará a cabo a Dirección Xeral do Voluntariado da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado no mes de novembro de 2003.*

Dando cumprimento ó disposto na Lei 13/1991, do 9 de decembro, procede regula-los prezos de inscrición para a asistencia ó congreso internacional Forovol do voluntariado social ó voluntariado ambiental que levará a cabo a Dirección Xeral do Voluntariado da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

A Lei 13/1991, que regula as taxas, prezos e exencións, dispón no seu artigo 6 que a contía destes será acordada por orde da consellería correspondente, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda. Por todo isto,

#### **DISPOÑO:**

Artigo único.

1. Os prezos privados esixibles pola inscrición no congreso internacional FOROVOL Do voluntariado social ó voluntariado ambiental, son os que se fixan

no anexo a esta orde e xestionarase de acordo co disposto na normativa vixente en materia de prezos privados.

2. Estes prezos entenderanse, se é o caso, co IVE incluído.

#### *Disposición derradeira*

Facúltase a directora xeral do Voluntariado para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2003.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude,  
Deporte e Voluntariado

#### *ANEXO*

A inscrición no congreso internacional Forovol Do voluntariado social ó voluntariado ambiental, terá dúas tarifas:

1. Contía que deberán paga-las persoas que posúan o Carné Xove, Carné Máis, carné universitario ou título de familia numerosa.

-Contía por persoa: 15 euros.

2. Contía que deberán paga-las persoas que non se atopen nas circunstancias anteriores.

-Contía por persoa: 30 euros.

### **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 31 de xullo de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de hostalería.*

Visto o expediente do convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña (código convenio 1500745), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 8-7-2003, completado o 29-7-2003, suscrito en representación da parte económica por *Asociación Hostelería da Coruña, Asociación Hospesco, Asociación Hostelería de Santiago e Asociación Hostelería de Ferrol* e da parte social, por CC.OO. e UGT o día 2-7-2003, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

#### *ACORDA:*

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo depósito do citado acordo no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 31 de xullo de 2003.

Elisa Madarro González  
Delegada provincial da Coruña

Convenio de hostalería da provincia da Coruña

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio colectivo afectará a tódalas empresas e establecementos encadrados no sector de hostalería, ós que lles sexa de aplicación o acordo laboral de ámbito estatal para o sector da hostalería.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Este convenio é de aplicación ás relacións laborais das empresas e traballadores que prestan os seus servizos naquelas encadradas no sector da hostalería, conforme o que dispón o artigo 1.1º do Estatuto dos traballadores.

Artigo 3º.-Ámbito territorial.

O presente convenio é de ámbito provincial e aplicarase, polo tanto, ás empresas e ós seus traballadores a que fan referencia os anteriores artigos, sempre que estean radicadas na provincia da Coruña.

Artigo 4º.-Vixencia, duración e prórroga.

O presente convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2001, independentemente da súa publicación no BOP. Terá unha duración de cinco anos, ata o día 31 de decembro do ano 2005.

Poderase denunciar por calquera das partes cun mes de antelación, como mínimo, á data do seu vencemento. Se non fose denunciado, entenderase prorrogado por períodos dun ano sucesivamente.

No caso de prórroga por un ano, efectuarase un aumento salarial equivalente ó incremento do IPC.

Artigo 5º.-Compensacións e melloras.

As melloras que se implantan neste convenio, así como as voluntarias que se establezcan no sucesivo, serán compensables e absorbibles ata onde acaden os aumentos, melloras ou condicións superiores de calquera natureza que, fixadas por disposición legal, contrato individual ou concesión voluntaria, poidan establecerse no sucesivo.

Artigo 6º.-Retribucións.

Os salarios garantidos e fixos que corresponden ás diversas categorías profesionais serán, a partir